

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA URXENTE
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 14 de XULLO de 2007**

DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

BNG

Non asisten os Sres. Campo Fernández, Ferreiro Pardiñas, Pose Miñones e Quintáns Vila.

Actúa como secretario, don José Luís Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás trece horas e corenta minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos.

Sr. Presidente

Bos días, imos celebrar o último Pleno desta Corporación antes de que a nova Corporación tome posesión o vindeiro día 18. A lei di que se ten que celebrar este Pleno de aprobación de actas tres días hábiles antes do día da constitución do Pleno, polo tanto hoxe sábado, corresponde por lei facer este Pleno.

Sr. Secretario

O único punto, efectivamente, é a aprobación da acta da sesión anterior, do 28 de xuño de 2007, previa ratificación do carácter urxente, de acordo co disposto no artigo 46.2 b da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para dar cumprimento, como dixo o presidente, ao disposto no artigo 33.1 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña, concordante co artigo 56.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA Nº 6/07 DO 28 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión plenaria ordinaria número 6/07, do 28 de xuño.

Sr. Presidente

Se vos parece, antes de ir a Palexco a compartir un aperitivo ás dúas da tarde, podemos facer unha fotografía para deixar constancia desta Corporación, e asinar no libro de ouro da Deputación provincial como membros da Corporación no mandato 2003-2007. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.